
Jaume Corbera Pou: *La Unió Europea, un mosaic lingüístic*. Illes Balears, Edicions Documenta Balear. 2013, 313 páxinas.

En abril de 2013 a imprensa da Universitat de Les Illes Balears publica a obra intitulada *La Unió Europea, un mosaic lingüístic*. Este volume, da autoría de Jaume Corbera Pou, xorde para dar resposta a unha das cuestións máis relevantes formuladas arredor da Unión Europea: a súa diversidade lingüística. Neste sentido, podemos encaixala na liña investigadora do autor, quen en traballos anteriores se centrou de modo fundamental no estudo da realidade lingüística catalá e na defensa da súa singularidade e da súa normalización. Non obstante, supón igualmente un desafío, na medida en que constitúe un proxecto moi abranxente e, por tanto, de grande complexidade. A través das súas páxinas, Jaume Corbera trasládanos desde unha óptica lingüística ao noso contorno máis inmediato, o mundo das linguas europeas; non se trata, porén, dunha simple descrición de todas as variedades que configuran o mapa lingüístico europeo, mais a partir delas o autor consegue mostrar as propiedades fundamentais da pluralidade cultural que se acha encerrada –e que excede en ocasións– os límites territoriais desa comunidade económica.

De facto, a perspectiva desde a cal se aborda este fenómeno contribúe non só para vermos as singularidades lingüísticas de cada modalidade, mais tamén as fronteiras físicas e mentais que nos aproximan e que nos distinguen. A este respecto, o libro serve, outrosí, como unha plataforma que nos traslada dunha marxe a outra e que nos permite observarmos este patrimonio lingüístico en todo o seu conxunto e en toda a súa continuidade. Por tanto, é tamén unha obra que se revela contra aquelas visións máis instrumentalizantes que definen as linguas desde unha focaxe política para crearen ou xustificaren conflitos entre as nacións que se autodefinen por teren un idioma de seu; nesta liña, Teresa Moure (2003: 22), afirma que o multilingüismo é aínda unha realidade pouco explorada, que é considerado como un problema que precisa solución en lugar de o ser como unha riqueza da cal nos gabarmos. Para o autor, o monolingüismo define a identidade de cada comunidade e, consecuentemente, o plurilingüismo ten de ser entendido como a aceptación e o recoñecemento das identidades dos outros, o que, por outro lado, reflicte a complexidade das sociedades, sempre en constante movemento.

Igualmente, unha lectura reflexiva permite tamén notarmos a importancia dos factores lingüísticos, máis tamén dos políticos e económicos. Así, por unha parte, obser-

vamos que, a pesar de todas elas manifestaren unha identidade propia, existe unha forte interrelación entre as diversas variedades lingüísticas recollidas neste volume, por exemplo entre as da área indoeuropea ou, dentro desta, entre as romances. E, por outra parte, a obra ilustra a loita desigual que o poder militar ou financeiro propicia no terreo lingüístico, onde as linguas máis débeis acaban por sucumbir perante as máis fortes ao se hibridizaren ou ao seren substituídas por estas, o que atenta contra a idea de diversidade que defende o autor. Con todo, a descrición de todas as variedades que enforman a Unión Europea verifica a riqueza das expresións lingüísticas e culturais máis próximas e, nese sentido, a obra constitúe en si propia un alegato a favor da diversidade e da igualdade –que non uniformización; para alén disto, a mensaxe que transmite pode ser perfectamente extrapolada para outras latitudes, onde a globalización tamén é sentida como un perigo para a sobrevivencia de moitas variedades: a unión debe ser produto da pluralidade e non da supresión de diferenzas.

O libro configúrase, asemade, como unha verdadeira ferramenta didáctica, especialmente polo formato en que se presenta, mais tamén polo seu estilo sinxelo. Como xa apuntamos, a través das súas 313 páxinas, Jaume Corbera realiza un percurso lingüístico en que subliña as particularidades de cada unha das variedades, ao tempo que establece pontes entre unhas e outras; porén, trátase dunha aproximación orixinal e atractiva na medida en que incorpora materiais que favorecen unha visión moito máis completa sobre o dito fenómeno e que se desmarcan das obras –máis teóricas– previas sobre esta temática (Giacolondre Ramat / Ramat 1995, Ambrosini 1998, Campbell 2000 e Price 2001). Así as cousas, a descrición histórica, social e lingüística é acompañada de ilustracións gráficas –mapas e táboas–, que nos permiten situármolas no espazo en que se desenvolven e contextualizalas dentro da área lingüística correspondente; de textos nas diferentes variedades, que favorecen un achegamento ás diversas modalidades gráficas; e, por ultimo, de compoñente audiovisual, ao incorporar un CD con composicións musicais que ofrece ao público lector non só a posibilidade de as ver por escrito, mais tamén de as escoitar e de as sentir.

A obra ábrese cun prólogo da autoría de Aureli Argemí e cunha epígrafe introdutoria intitulada “L’Europa Lingüística” e encérrase cun capítulo de natureza bibliográfica. O interior do libro está formado por 70 seccións en que o autor agrupa as variedades por familias lingüísticas, concretamente a indoeuropea (da 3 á 60), a urálica (da 61 á 67), a vasca (68), a afroasiática (69) e a altaica (70). As familias estrutúranse en áreas que conteñen, por súa vez, diversas modalidades lingüísticas. Así, a primeira contén a área romance, en que achamos por exemplo o galego, o sardo ou o occitano; a xermánica, en que se encontran, entre outras, as variedades suecas, baixo-alemás e frisoas; a eslava, onde poden localizarse os falares rusos, os polacos e os macedonios; a báltica, de que derivan o letón e o lituano; a céltica, entre as cales aparecen o bretón e o irlandés; a albanesa; a armenia; a grega e a indoiránica. A se-

gunda agrupa a área finoúgrica, da cal proceden o finés, o samis ou o estonio; e as restantes están formadas por unha soa variedade: vasco, semítico maltés e falares turcos e tártaros, respectivamente.

En liñas xerais, cómpre subliñarmos a importancia da sección introdutoria, dado que reforza a finalidade que persegue o autor, quere dicir, mostrar a diversidade lingüística sen xuízos de valor previos e partindo exclusivamente de criterios lingüísticos e historico-sociais, aínda sendo consciente de que nin sempre estes son indiscutíbeis. Por esta razón, Jaume Corbera dedica as páxinas iniciais a eliminar os posibles preconceptos e a desmitificar certos tópicos que existen sobre estas cuestións. Así, reflexiona sobre a polémica distinción entre *lingua* e *dialecto* e sobre a complexidade dun fenómeno como o que nos presenta, que non pode nin debe ser reducido a interpretacións tan estendidas como, por exemplo, a asociación unívoca entre lingua e estado, porque como demostra este libro a realidade da Europa –e, por extensión, a do resto do mundo– é moi diferente. Sobre este particular, tamén viran relevantes as palabras de Moure (2003: 22) ao indicar que “temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos”. O volume que estamos a recensionar evidencia esta convivencia lingüística, nin sempre equitativa ou pacífica e diverxente de calquera análise simplificadora.

Neste sentido, convén sinalarmos que o autor, tratando de non incorrer en xuízos valorativos, concede prioridade ao termo *fala* sobre *dialecto* ou *lingua*, dado que desde un punto de vista lingüístico a distinción resulta difícil de determinar: pensemos, por exemplo, en que unha das variedades dialectais da Alemaña –onde non conta con recoñecemento legal– é lingua oficial en Luxemburgo; non obstante, nalgúns casos este criterio –acertado nas intencións– ocasiona certa ambigüidade e ofrece unha visión confusa e caótica da realidade lingüística europea. Outrosí, a extensión de cada unha das seccións dedicadas ás diferentes variedades é desigual, a depender do maior ou menor coñecemento do autor sobre elas. Así, aquelas máis próximas da realidade catalanófona son certamente máis amplas. Neste punto, debemos sinalar, en todo o caso, o esforzo de Jaume Corbera por acometer como autor e non como editor unha obra plural e complexa como esta, o que minimiza as carencias ou incongruencias que nalgúns casos presenta. En consecuencia, ofrécesenos máis unha visión global desde un universo lingüístico local e particular. Por esta razón, no final de cada sección se relaciónanse os diversos vínculos entre o mundo catalán e as diversas realidades lingüísticas e culturais da Unión Europea.

Non se trata, por tanto, dun volume que pretenda a exhaustividade; o seu propósito é, polo contrario, reflectir os lazos culturais, as influencias lingüísticas e a diver-

sidade e singularidade de Europa. A este respecto, tamén nos parece moi acertado que as referencias bibliográficas figuren exclusivamente na última sección e que as necesarias aclaracións ou ampliacións do contido sexan realizadas a rodapé, pois contribúe en grande medida para tornar máis fluída a súa lectura, sobre todo se tivermos en conta a súa orientación manifestamente didáctica. Deste modo, facilita o achegamento á obra por parte de calquera tipo de público e, ao mesmo tempo, permite ao máis interesado ampliar o seu coñecemento a través de obras científicas relevantes para cada campo. Igualmente, as relacións históricas, sociais, culturais e lingüísticas que establece entre as diversas variedades abren, de modo implícito, novas orientacións na investigación destas realidades.

La Unió Europea, un mosaic lingüistic é, en consecuencia, unha obra que nos adentra na idiosincrasia lingüística da Unión Europea. Todas as variedades analizadas, a pesar da súa diferente consideración social, constitúen o mapa lingüístico desta comunidade económica, ao igual que acontece coas variedades dialectais a respecto dunha lingua. Neste sentido, Aureli Argemí afirma que os falares de Europa enforman a lingua de Europa, o que non deixa de ser un paradoxo, porque na realidade non ten un idioma propio. A unión lingüística de Europa debe partir, por tanto, do respecto polas diferentes variedades. En síntese, a obra de Jaume Corbera configúrase como un excelente itinerario polas linguas de Europa que nos permite coñecer-mos cales son, como son, as relacións mutuas que se erixen entre elas e as distancias que as separan; igualmente, o percurso histórico, social e lingüístico realizado polo autor mostra –sen o facer explícito no texto– a idea de que, na defensa da diversidade, outra política lingüística é posíbel, o que converte este traballo nunha lectura altamente recomendábel.

Estefanía Mosquera Castro

Bibliografía

- Moure, T. (2003): “A batalla das linguas no mundo actual. Multilingüismo e antiglobalización”, *Grial* 160, 19-29.
- Giacolondre Ramat, A. / Ramat, P. (eds.) (1995): *Las lenguas indoeuropeas* (Madrid: Cátedra).
- Ambrosini, R. (1998): *Introduzione alla glottologia indo-europea* (Pisa: Edizioni ETS).
- Campbell, G. L. (2000): *Compendium of the World's Languages* (London / New York: Routledge).
- Price, G. (dir.) (2001): *Enciclopedia de las lenguas de Europa* (Madrid: Gredos).